R.M.N.

[Cristian Mungiu, 2022, Romanía, 125 min., VOSE]

Lingua **Romanés, húngaro, alemán, inglés, francés e cingalés**
Dirección e guión **Cristian Mungiu**
Montaxe **Mircea Olteanu**
Fotografía **Tudor Vladimir Panduru**
Elenco **Marin Grigore, Judith State, Macrina Barladeanu, Orsolya Moldován, Rácz Endre, József Bíró, Ovidiu Crisan, Zoltán Deák, Cerasela Iosifescu, Andrei Finti, Bacs Miklos, Alin Panc, Victor Benderra, Amitha Jayasinghe, Gihan Edirisinghe, Nuwan Karunarathna, Kovacs Levente Jr., Varga Csilla, Orban Attila, Boros-Piroska Klara, András Hatházi, Lucian Ifrim, Axel Moustache**
Dirección de arte **Simona Paduretu**
Produción **Les Films du Fleuve, Mobra Films Productions, Why Not Productions, Filmgate Films, Film I Väst, France 3 Cinéma**
Distribución **BTeam**

Uns días antes do Nadal, tras deixar o seu traballo en Alemaña, Matthias volve á súa vila natal, unha localidade multiétnica de Transilvania. Mentres trata de recuperar o contacto co seu fillo e de implicarse máis na súa educación, a tensión racial dispárase entre a veciñanza cando tres homes de Sri Lanka son contratados por unha empresa local.

SETEMBRO

Todas as sesións ás 20.30 h, en VOSE

Luns 25
E A VIDA CONTINÚA (Abbas Kiarostami, 1991, Irán, 96 min.)

Martes 26
GODLAND (Hlynur Pálmason, 2022, Dinamarca, 143 min.)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

FS #189
19.9.2023

R.M.N.

CRISTIAN MUNGIU

CINECLUBE PONTEVEDRA

R.M.N.

Por Carlos F. Heredero

Este episodio ficcionalizado polo cineasta está baseado nun feito real, que aconteceu en Rimetea en 2020, onde a tensión racial se desatou cando algúns dos seus habitantes atentaron contra uns inmigrantes por medo a que lles quitasen o seu traballo. Ese é o punto de partida, pero o mérito do cineasta é construír verdadeiras imaxes cinematográficas para expresar as tensións subterráneas que subxacen baixo a existencia cotiá da vila (a herdanza soterrada do comunismo, o peso das tradicións ancestrais e de lendas atávicas), a xenofobia que esperta a presenza dos novos emigrantes, o odio axitado pola extrema dereita, a hipocrisía da Igrexa, e todos os medos que xeran a integración en Europa, a libre circulación de traballadores e a inseguridade das vellas identidades, incapaces de enfrontarse á outredade desde supostos democráticos e humanistas.

Mungiu debuxa un crisol poliédrico que dá conta da vida na comunidade e radiografa con desapiadado escalpelo crítico o racismo, a intolerancia, o odio e a violencia que se desata. Faino cun relato que aos poucos consolida un protagonismo coral cuxos vencellos internos van trenzándose ata desembocar na explosión aberta do conflito xenófobo.

ENTREVISTA A CRISTIAN MUNGIU

Por José Félix Collazos

O seu filme está baseado nun feito real… Os meus filmes sempre nacen dunha historia, nunca parto dun concepto ou dunha idea abstracta, aínda que non estou a reflectir exactamente o que pasou senón o seu significado, e utilizo a ficción para construír un discurso sobre a situación do mundo hoxe e sobre a natureza humana. Esta historia ocorreu nunha pequena vila, pero dalgún xeito representa o contexto actual da Unión Europea.

Na secuencia da asemblea fálase romanés, francés, inglés, búlgaro… Como foi rodar ese plano secuencia tan longo e complexo? Como é un filme sobre a necesidade de comunicación, era substancial que cadaquén falase a súa propia lingua, coma unha Torre de Babel, e non é casualidade que se traduza todo menos o que falan os traballadores inmigrantes: ninguén os toma en consideración. Reflicte o tribalismo e o perigo de ver o outro coma un inimigo potencial en vez de velo coma alguén con quen dialogar. Pode parecer unha secuencia improvisada, mais é o resultado dunha coreografía moi precisa. Todo estaba escrito e probei cousas moi difíciles, como ensaiar cos actores para que falasen ao mesmo tempo. Mesmo permitín que os extras falasen por enriba deles. Foi difícil para os intérpretes que tiñan que pelexar para defender os seus textos e moito máis para a mestura de son. Pero é importante pola forma que teño de entender un cinema inspirado pola realidade, e a realidade é un contínuum. Por iso sempre rodo os meus filmes nun único plano por situación. Non utilizo música extra engadida que manipule sentimentos e non movo a cámara a menos que haxa un movemento no plano. Non quero usar o cine para entregar conclusións e significados prefabricados senón para sinalar que a vida é, a miúdo, complexa e ambigua.

Falando de música, aquí integra Yumeji's Theme, unha peza mítica de *In the Mood for Love* (Wong Kar-wai, 2000). Quixen usar este tema porque expresa amor ao próximo como antídoto contra a intolerancia. Só cos afectos poderemos reconectar coa esperanza. O filme fala da nosa natureza dual: os humanos precisamos centrarnos nas emocións positivas para dominar o animal que levamos dentro.

Esta comunidade pechada reivindica ser a poboación orixinaria, pero os primeiros habitantes eran os osos e o filme remata con osos, sexan ou non disfraces… Si, mais os filmes non deberían ter metáforas precisas ou formas concretas de as traducir verbalmente. O meu esforzo é falar sobre cousas abstractas e atopar a maneira visual de trasladar conceptos. Usei moitos animais para falar da nosa natureza dual, pero tamén da perda de individualidade para conformar un rabaño de xente manipulable. O final é ambiguo e tamén dual: hai quen ve osos, outros ven persoas; é unha mestura dos medos e os impulsos que temos como animais e ese lado humano esencial para progresar nas nosas sociedades.

E a escena inicial é unha visión traumática ou un presaxio? Ambas cousas á vez. Os nenos, coa súa inocencia, teñen unha percepción do mundo que non está contaminada e este neno intúe unha situación estraña que lle resulta aterradora. Ao mesmo tempo é o único que pode resistir ante a violencia e o egoísmo dos maiores. Cando ten a posibilidade de decidir, escolle ser compasivo. Esta é seguramente a única parte optimista do filme e dalgún xeito relacionada coa esperanza nas xeracións futuras.

Recollido de *Caimán. Cuadernos de Cine*, 173.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.